



“As estibadoras”

Crónica de atrancos

H ▼ M^a CANELA

Herminia, Chelo, Mari e as outras vinte pico estibadoras eventuais... teñen un pouco de medo.

... Levan máis de 10 anos traballando no porto Pesqueiro de Vigo. Noite tras noite, xeladas até os ósos, clasificando o peixe que os seus compañeiros descarregan dos barcos.

Nos últimos tempos van cada vez menos veces ao Porto. Non é que o boten muito de menos, pero os cartos non chegan como antes e, ademais, empezan a escoitar-se voces, cada vez máis insistentes, de que dentro de nada o peixe xa virá clasificado desde os barcos.

Qué futuro lles agarda? Se polo menos fosen homes poderían facer outras funcións e chamarían-nas algunhas veces máis, aínda que viñeran poucos barcos...

Falando da estiba con algúns sindicalistas e despois de consulta-lo con unha organización feminista ven unha saída: facer todas as funcións como o resto dos seus compañeiros homes, de xeito rotativo. Non é nengunha loucura. A división de funcións entre clasificadoras e o resto dos especialistas da estiba e desestiba fai-se en función do sexo, non da maior ou menor especialización. Serían capaces de facer os outros

traballos até agora reservados aos homes? É certo que nunca os fixeron, pero non parece tan difícil, elas están afeitas a traballar duro, e a clasificación tampouco é moco de pavo.

Non din que as mulleres deben especializar-se para poder acceder a un posto de traballo digno?... Todo antes que quedar-se na rua. Hai que preparar-se para a creación da Sociedade de Estiba e Desestiba.

Decíden-se. En xuño presentan unha reclamación no INEM e na Delegación Provincial de Traballo esixindo a unificación do Rexistro de Eventuais, en xullo acepta-se a reclamación e aproba-se a unificación.

Algúns homes son chamados pola lista nova para facer tarefas de clasificación; algunhas mulleres empezan a traballar no porto comercial... Os primeiros pasos non parecen difíceis. Qué tal lles iría aos homes?

Case non teñen tempo de sabelo... Unha vez máis os empresarios e algúns traballadores coinciden na defensa dos seus intereses: uns –os estibadores– non queren que as mulleres traballen nos peiraos comerciais porque terían que compartir os días de traballo e tocarían a menos; os outros –empresarios– porque queren reducir ao mínimo a lista de

traballadores portuarios e non van empezar cedendo no punto máis fácil –os postos de traballo das mulleres–.

En outubro, despois de bastantes lios, a Administración e os sindicatos, coa oposición dos empresarios, parecen aceptar a lista unificada (xa que as denuncias de discriminación son difíceis de achantar, mesmo dentro dos sindicatos) e empezase a falar do millor xeito de face-lo: cursos de reciclaxe, intercalar homes e mulleres para que se vaia normalizando a situación... decíden retrasar o inevitábel e as inclúen, pero poñendo-as ao final da lista.

Sen que chegue a producir-se unha normalización da situación, e sen que se saiba se este conflito serviu de detonante, os estibadores eventuais, coa participación activa das mulleres afectadas, deciden iniciar medidas de presión para conseguir unha maior estabilidade laboral, e unha recuperación do traballo de estiba e desestiba, esixindo que todas as cargas e descargas dos buques que se fagan tanto nos peiraos do propio porto como nos das concesións, sexan efectuados por traballadores portuarios (suponse que incluídas as mulleres).

Neste momento a loita é común, pero as mulleres non están moi convencidas de que este sexa o final da súa batalla. ▀